

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 26 de novembro de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda libre, convocado pola Orde do 4 de xullo de 2018 pola que se fan públicas as datas, as horas e os lugares de realización do segundo e terceiro exercicio.

En sesión que tivo lugar o día 7 de novembro de 2018, o tribunal nomeado pola Orde do 3 de outubro de 2018 (DOG núm. 195, do 11 de outubro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda libre, cuxo obxecto é a cobertura de 38 prazas de policía local nos concellos que se enumeraban na citada orde, acordou, de conformidade co establecido na base 6 da convocatoria:

1. Que o segundo exercicio, consistente na avaliación do coñecemento da lingua galega, se realizará na sede da Agasp, sita na avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra), o día 9 de decembro de 2018, en chamamento único, que se iniciará ás 10.30 horas.

As persoas aspirantes que teñen que realizar a dita proba deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

2. O terceiro exercicio consistente nas probas de aptitude física levarase a cabo o día 23 de decembro de 2018, iniciándose o chamamento único ás 9.30 horas nas pistas de atletismo da USC sitas na avenida de Novoa Santos, 4, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña), e ás 16.30 horas, tamén en chamamento único, na piscina da USC sita no Campus Vida, avenida das Burgas, s/n, 15705 en Santiago de Compostela.

As persoas aspirantes que teñan que realizar estas probas acudirán coa roupa e calzado adecuados para o seu desenvolvemento, deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e entregarán ao tribunal un informe sobre o estado



de saúde en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para realizar os exercicios físicos, que deberá ter sido expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización destas probas.

As probas que se van realizar son:

- Comprobación da estatura.
- Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.
- Proba de potencia de tren superior (homes: flexións de brazos; mulleres: suspensión en barra).
- Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.
- Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.
- Proba de natación: 25 metros estilo libre.

A Estrada, 26 de novembro de 2018

Luis Míguez Macho
Presidente do tribunal

